



Resolución R 7/2013 - Aloxamento irregular de estudantes

Pleno:

D. Francisco Hernández Rodríguez, presidente

D. Fernando Cachafeiro García, vocal

En Santiago de Compostela, a 27 de decembro de 2013.

O Consello Galego da Competencia (CGC), coa composición arriba expresada e sendo relator D. Fernando Cachafeiro García, ditou a seguinte Resolución no Expediente S 6/2011 iniciado pola Subdirección de Investigación do CGC por causa da denuncia presentada por Dona L. C. C. contra Dona L. M., por supostas prácticas restritivas da competencia, de conformidade coa Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC).

ANTECEDENTES DE FEITO

1. En data 3 de febreiro do 2011 tivo entrada no Servizo Galego de Defensa da Competencia (hoxe desaparecido), a denuncia presentada por Dona L. C. C. contra Dona L. M., na que lle imputaba a realización irregular de actividades empresariais de xeito permanente. Concretamente acusábaa de "organizar estancias de grupos de estudantes estranxeiros en Santiago de Compostela", sen estar dada de alta en autónomos nin cumprir ningún tipo de deberes fiscais nin coa Seguridade Social.
2. Con data 15 de xuño de 2011, a Subdirección de Investigación do Consello Galego da Competencia, órgano que substitúe ao citado Servizo tras a entrada en vigor da Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia, remitiulle á denunciante un escrito no que lle indicaba que a conduta denunciada parecía incardinarse noutros ámbitos normativos distintos da normativa de defensa da competencia, ao tempo que a emprazaba a presentar, se é o caso, indicios da existencia dunha práctica anticompetitiva. A denunciante non remitiu información complementaria ningunha nin se puxo en contacto coa Subdirección de Investigación.
3. En data do 31 de outubro de 2013, a Subdirección de Investigación do CGC adoptou unha proposta de non incoar procedemento sancionador, ao abeiro do disposto nos artigos 49 da LDC e 27 do Regulamento de Defensa da Competencia.
4. O Pleno de Consello Galego da Competencia deliberou sobre este asunto na súa reunión do 27 de novembro de 2013.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: Obxecto da resolución

5. O expediente ten por obxecto analizar se o exercicio permanente de actividades empresariais, sen cumprir coas obrigas tributarias pertinentes, pode constituír un acto de competencia desleal que, por falsear a libre competencia e afectar ao interese público, vulnera o artigo 3 da LDC.

Segundo: Afectación significativa da competencia

6. Como xa tivemos ocasión de expoñer no expediente R 5/2013, do 1 de outubro de 2013, o art. 3 da LDC "prohibe os actos de competencia desleal que falsean de xeito significativo a competencia, en prexuízo do interese público. A práctica da Comisión Nacional da Competencia permite examinar primeiro se a conduta investigada é apta para xerar efectos significativos sobre a competencia, de tal maneira que se se descarta a súa existencia, se evita a tarefa de indagar a cualificación xurídica da conduta conforme á lexislación de competencia desleal. En efecto, na súa resolución do 11 de marzo de 2008, *TuBillete*, a CNC sostén que: estando o Consello de acordo coa Dirección de Investigación en que da denuncia non se desprende que existan indicios dunha afectación significativa á competencia, nin polo tanto, ao interese público relevante en sede do artigo 3 LDC, tampouco procede ningunha análise da conduta denunciada dende a perspectiva do Dereito contra a competencia desleal, que sería estéril para os efectos da prohibición contida no artigo 3 LDC calquera que fose o resultado desa cualificación xurídica".
7. O mercado de aloxamento de turistas na cidade de Santiago de Compostela caracterízase pola existencia dunha ampla oferta entre hoteis, hostais, residencias e vivendas particulares, entre outros. A conduta da propietaria dun piso na cidade non parece que poida afectar de xeito substancial ao funcionamento da competencia no devandito mercado, en prexuízo do interese público. Consecuentemente, non estamos en presenza dun caso de competencia desleal que, por falsear a competencia no mercado, poida considerarse contrario ao art. 3 da LDC.



Á vista de todo o anterior, o Consello Galego da Competencia coa composición recollida ao principio, vistos os preceptos citados e os demais de xeneral aplicación,

ACORDA

ÚNICO: Non incoar expediente sancionador e, conseguintemente, archivar as actuacións iniciadas en virtude da denuncia presentada por Dona L. C. C. fronte a Dona L. M. por considerar que non existen indicios de infracción da Lei de Defensa da Competencia.

Comuníquese esta Resolución á Subdirección de Investigación do Consello Galego da Competencia e notifíquese aos interesados, facéndoo saber que contra esta non cabe recurso ningún en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende a súa notificación.